

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcadesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que con data do 22.11.17, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo nº 2/882 de aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas EDUCADOR/A SOCIAL pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, convocada mediante o decreto 16005312 do 05/07/16, publicada no BOP de Lugo nº 34 do 10 de xaneiro de 2018.

Conforme á base oitava destas bases específicas, unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionaria/o de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, alomenos aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Á vista do acordo nº 7/378 adoptado na Xunta de Goberno Local do día 27 de xuño de 2012 de modificación do punto 2 da parte dispositiva do acordo nº 15/670 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 9 de xullo de 2008, que literalmente di “as listas estarán vixentes ata a convocatoria dun novo proceso selectivo para a cobertura de prazas en propiedade no Concello de Lugo na categoría de que se trate ou ata que calquera dos que estean lexitimados para estar presentes na Mesa de Negociación insten a modificación deste acordo”.

Unha vez rematado dito proceso selectivo e vista a proposta do tribunal de selección do 4 de setembro, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web, resulta:

ORDE	APELIDOS E NOME	D.N.I	1º PROBA	2º PROBA	3º PROBA	SUMA
1	LÓPEZ ÁRIAS, MARÍA	*163K	5,75	6,25	8,25	20,25
2	FONTAÍÑAS GÓMEZ, SALETA	*172N	6,60	6,83	6,75	20,18
3	LOVELLE VARELA, NOELIA	*700D	5,05	7,17	6,00	18,22
4	TEIJEIRO BLANCO, LAURA	*653W	5,35	6,00	3,50	14,85
5	VEIGA GALÁN, LUCÍA	*014C	5,5	3,33	---	8,83

Personal

/cnp

Refª: ispac4467589015290931943.doc

Asunto:

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1-07-2016 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de EDUCADOR/A SOCIAL, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, á vista da proposta do tribunal de selección, de data 27 de maio de 2019, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web é a que a constnuación se indica:

ORDE	APELIDOS E NOME	D.N.I	1º PROBA	2º PROBA	3º PROBA	SUMA
1	LÓPEZ ÁRIAS, MARÍA	*163K	5,75	6,25	8,25	20,25
2	FONTAÍÑAS GÓMEZ, SALETA	*172N	6,60	6,83	6,75	20,18
3	LOVELLE VARELA, NOELIA	*700D	5,05	7,17	6,00	18,22
4	TEIJEIRO BLANCO, LAURA	*653W	5,35	6,00	3,50	14,85
5	VEIGA GALÁN, LUCÍA	*014C	5,5	3,33	---	8,83

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.



Concello de Lugo

Personal

/cnp

Refª: ispac4467589015290931943.doc

Asunto: